




COMISIÓN CONSULTIVA
AUTONÓMICA
PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES
E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E ACTUACIÓN FRONTE AO ACOSO LABORAL, SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO E DE XÉNERO, ORIENTACIÓN SEXUAL, IDENTIDADE DE XÉNERO, EXPRESIÓN DE XÉNERO E CARACTERÍSTICAS SEXUAIS



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS



Consello Galego de Relacións Laboráis
Algalia de abaixo. 24
15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 601
info.cgrl@xuntal.gal
www.cgrl.gal



PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E ACTUACIÓN FRONTE AO ACOSO LABORAL, SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO E DE XÉNERO, ORIENTACIÓN SEXUAL, IDENTIDADE DE XÉNERO, EXPRESIÓN DE XÉNERO E CARACTERÍSTICAS SEXUAIS



**COMISIÓN CONSULTIVA
AUTONÓMICA**
PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES
E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

Índice

1. PREÁMBULO	03
2. DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS	06
3. OBXECTIVOS	09
4. ÁMBITO DE APLICACIÓN	11
5. DEFINICIÓN E TIPOLOXÍAS DE ACOSO	13
5.1. DISCRIMINACIÓN DIRECTA E INDIRECTA	14
5.2. DISCRIMINACIÓN POR ASOCIACIÓN E DISCRIMINACIÓN POR ERRO	16
5.3. DISCRIMINACIÓN MÚLTIPLE E INTERSECCIONAL	18
5.4. INDUCCIÓN, ORDE OU INSTRUCIÓN DE DISCRIMINAR	19
5.5. ACOSO SEXUAL	20
5.6. VIOLENCIA E ACOSO POR RAZÓN DE SEXO OU IDENTIDADE DE XÉNERO E/OU ACOSO LGTBIFÓBICO	21
5.7. ACOSO DISCRIMINATORIO	23
5.8. ACOSO MORAL (mobbing)	24
5.9. ACOSO CIBERNÉTICO NO MUNDO DO TRABALLO	25
6. MEDIDAS PREVENTIVAS	27
A) A SENSIBILIZACIÓN, INFORMACIÓN E FORMACIÓN	29
B) OS MODELOS DE XESTIÓN NA ORGANIZACIÓN	30
7. FORMACIÓN	31
8. PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN EN MATERIA DE ACOSO	34
8.1. VÍA DE PRESENTACIÓN DE DENUNCIAS POR ACOSO LABORAL, SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO E IDENTIDADE	35
8.2. DENUNCIA	35
8.3. MEDIDAS CAUTELARES	36
8.4. PROCEDEMENTO	36
8.5. RESOLUCIÓN	39
8.6. SANCIÓN	40
8.7. PROTECCIÓN ÁS VÍTIMAS	41
8.8. COMISIÓN INSTRUTORA	41
8.9. INCOMPATIBILIDADES	42
9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	43
10. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	45
11. DISPOSICIÓNS FINAIS	47
12. RECOMENDACIÓN PARA ADAPTAR O PROTOCOLO CONTRA O ACOSO SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO E DE XÉNERO, ORIENTACIÓN SEXUAL, IDENTIDADE DE XÉNERO, EXPRESIÓN DE XÉNERO, CARACTERÍSTICAS SEXUAIS OU ACOSO LABORAL NOS CENTROS DE TRABALLO PARA A PEQUENA EMPRESA	49
ANEXO I. GLOSARIO	51

1. PREÁMBULO

1. PREÁMBULO

O protocolo contra a violencia de xénero e o acoso laboral é un deber para todas as empresas, con independencia do tamaño do cadro do persoal.

Este texto ten en conta todas as novas definicións recollidas na Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación, no Convenio 190 da OIT, ratificado por España, e que entrou en vigor no noso país o 25 maio de 2023, así como os cambios na regulación estatal nesta materia derivados da aplicación do Real decreto 1026/2024, do 8 de outubro, polo que se desenvolve o conxunto planificado das medidas para a igualdade e non discriminación das persoas LGTBI nas empresas.

A antedita lei vén consolidar legalmente a igualdade e establecer novas garantías para o seu goce, seguindo a pauta normativa da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e con ela preténdese dar resposta a unha necesidade normativa concreta: crear un instrumento eficaz contra toda discriminación que poida sufrir calquera persoa e que aborde todos os ámbitos desde os que esta se poida producir, acollendo a concepción máis moderna dos dereitos humanos.

En canto ao Convenio 190 da OIT, ten como obxectivo regular a eliminación do acoso e a violencia no ámbito laboral de forma xeneralizada, tendo como principio fundamental levar a cabo esta tarefa cun enfoque inclusivo, integrado e que teña en conta a perspectiva de xénero.

Este Convenio establece un novo concepto sobre violencia e acoso no mundo do traballo, outorgándolles entidade para configurarse como afectacións aos dereitos humanos.

Con esta nova norma internacional require reformularse:

- A concepción da violencia e o acoso por razón de xénero como subcategoría de violencia e acoso por motivos discriminatorios.
- A adecuación dos conceptos de persoa traballadora e do lugar de traballo como ámbitos de aplicación da normativa con respecto á prevención, protección e tutela que esta ofrece fronte á violencia e o acoso no ámbito laboral.

Así mesmo, fai tamén necesario revisar os conceptos da nosa lexislación, con especial fincapé no “acoso moral” (non definido legalmente).

O contido deste protocolo está adaptado ás disposicións establecidas na Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI e no Real decreto 1026/2024, do 8 de outubro, polo que se desenvolve o conxunto planificado das medidas para a igualdade e non discriminación das persoas LGTBI nas empresas.

As persoas asinantes do presente protocolo manifestan o seu compromiso para previr, evitar, resolver e, se é o caso, sancionar todos os supostos de acoso que poidan producirse no ámbito de aplicación, como requisito para garantir a dignidade, integridade e igualdade de trato e oportunidades en todos os niveis da empresa (ou das empresas).

2. DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

2. DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

Co obxectivo de previr condutas de acoso e garantir os dereitos das persoas, os principios cos que as empresas, a representación unitaria e sindical e as persoas traballadoras, comprométese en desenvolvemento dos procedementos previstos neste protocolo, serán os seguintes:

Principios orientados a previr condutas de acoso:

- **Non tolerancia co acoso:** este principio, que implica a non transixencia con calquera conduta irrespectuosa ou de calquera tipo de acoso no centro ou lugar de traballo, está directamente vinculado á prevención dos riscos derivados do traballo, con todas as consecuencias en materia de dereitos e deberes que unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo supón para as persoas traballadoras e as empresas.
- **Igualdade de trato e non discriminación:** este principio tradúcese, por unha banda, no compromiso da empresa e das persoas traballadoras co trato correcto e digno, que respecte a intimidade e a integridade física e moral, e, por outra, no rexeitamento público e compartido de tratos degradantes, humillantes ou ofensivos, baseados en calquera razón, xa sexa por nacemento, raza, sexo, relixión, orientación sexual, identidade sexual, expresión de xénero, características sexuais e diversidade familiar, idioma, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluída a súa condición laboral.
- **Cooperación:** o principio de cooperación supón un compromiso da empresa coas persoas traballadoras de colaborar na prevención das situacións de violencia e acoso que puidesen afectar ao persoal (contratado, subcontratado ou posto ao dispor por empresas de traballo temporal) no centro ou lugar de traballo, adoptando con este fin todas as medidas necesarias, tanto organizativas como de formación, información e sensibilización.

Principios que deben rexer a aplicación do procedemento de investigación previsto no presente protocolo:

- **Información e transparencia:** este principio tradúcese no necesario coñecemento dos procedementos de investigación de condutas de acoso, así como nas medidas dirixidas á súa prevención, por parte de todas as persoas traballadoras, tanto as integradas no persoal da empresa titular do presente protocolo, como as integradas nas contratadas, subcontratadas e empresas de traballo temporal, e a todos os niveis xerárquicos da empresa.
- **Celeridade e eficacia:** o cumprimento deste principio supón que os procedementos regulados neste protocolo deberán iniciarse e desenvolverse sen dilacións indebidas, sexan estas imputables a unha insuficiente asig-

nación de medios humanos e materiais ou a outras razóns, e que as resolucións conseguidas deberán aplicarse inmediatamente, salvo que se establezan nestes prazos concretos diferentes.

- **Respecto aos dereitos fundamentais das persoas:** na aplicación dos procedementos de investigación nas situacións de violencia e acoso salvaguardaranse os dereitos das persoas afectadas no necesario contexto de prudencia e confidencialidade.
- **Contradición:** a salvagarda deste principio implicará dúas garantías. A primeira, a de que será obxecto de investigación calquera queixa presentada por traballadoras e traballadores que se consideren obxecto de acoso; a segunda, a que supón que a persoa que poida ser obxecto da resolución que poña fin aos procedementos regulados neste protocolo deberá ser escoitada no seo destes.
- **Imparcialidade e obxectividade:** en aplicación dos procedementos de prevención e investigación do acoso garantirase a ausencia de favoritismos e intereses persoais nas persoas instrutoras, e que as decisións sexan tomadas atendendo a criterios obxectivos, sen influencias de nesgos, prexuízos ou tratos diferenciados por razóns non xustificadas.
- **Confidencialidade:** todas as denuncias que se presenten no ámbito do procedemento de investigación regulado no presente protocolo serán tratadas coa máxima seriedade e respecto, garantindo a confidencialidade.
- **Indemnidade:** en ningún caso poderán derivarse represalias derivadas da investigación en curso ou dos resultados desta contra o persoal afectado ou involucrado.

3. OBXECTIVOS

3. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral deste protocolo é dobre:

- Por unha banda, promover condicións de traballo que eviten o acoso en calquera das súas modalidades.
- Por outro, establecer un procedemento común de actuación ante situacións que puidesen constituír calquera das modalidades de acoso, coa finalidade explícita de prever, evitar e erradicar este tipo de condutas na contorna laboral.

Obxectivos específicos:

- 1.- Formar, informar, sensibilizar e concienciar ás persoas traballadoras desta empresa, en materia de acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual, laboral, identidade sexual, expresión de xénero, características sexuais e diversidade familiar, mostrando as pautas para que poidan identificarse as ditas situacións, para prever e evitar que se produzan.
- 2.- Definir medidas preventivas que reduzan o risco de condutas de acoso e, de ser o caso, se eliminen.
- 3.- Definir e establecer procedementos claros e precisos para tratar estas situacións de forma efectiva e integral unha vez que se produzan.
- 4.- Dispoñer das medidas necesarias ou dunha organización específica para atender e resolver os casos que se produzan.
- 5.- Dotar a todo o persoal da empresa de información idónea, para afrontar calquera situación de acoso que lle afecte ou da que teña coñecemento.
- 6.- Garantir a seguridade, a integridade, a confidencialidade e a dignidade das persoas afectadas.
- 7.- Garantir a aplicación das medidas que en cada caso procedan para a protección das vítimas, incluídas as medidas preventivas que sexan necesarias.
- 8.- Finalizar co acoso e aplicar as medidas sancionadoras que correspondan.
- 9.- Manter actualizado o protocolo e facer as correspondentes revisións periódicas.

4. ÁMBITO DE APLICACIÓN

4. ÁMBITO DE APLICACIÓN

As persoas protexidas polo presente protocolo serán todas as que prestan servizos para a empresa, así como as persoas traballadoras que o fan nas súas instalacións ou centros de traballo, ben por conta doutras empresas contratistas ou subcontratistas, ben por conta de empresas de traballo temporal.

O protocolo incluírá así mesmo:

- Medidas de apoio e protección para a defensa dos dereitos e intereses das persoas traballadoras expostas no parágrafo anterior cando a persoa agresora non pertenza á empresa.
- Medidas para a análise e tratamento de condutas por parte de persoas traballadoras da empresa que afecten a persoas alleas a ela.

O protocolo aplicarase ademais á violencia e o acoso acaecidos en relación co traballo e como resultado deste, e nese sentido enténdese aplicable ás situacións que se dean en calquera das localizacións ou medios seguintes:

- a) No lugar de traballo, incluídos os espazos públicos ou privados que sexan parte deste.
- b) No lugar onde se realice calquera xestión económica relacionada coa actividade laboral, nos de comida e/ou descanso, nas instalacións sanitarias e de aseo e nos vestiarios.
- c) Nos traxectos entre o domicilio e o lugar de traballo, nos desprazamentos, viaxes, aloxamento, eventos ou actividades de formación ou sociais relacionadas co traballo.
- d) No marco das comunicacións que estean relacionadas co traballo, incluídas as realizadas por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.

5. DEFINICIÓN E TIPOLOGÍAS DE ACOSO

5. DEFINICIÓN E TIPOLOXÍAS DE ACOSO

5.1. DISCRIMINACIÓN DIRECTA E INDIRECTA

a) Discriminación directa: é a situación en que se atopa unha persoa ou grupo en que se integra, que sexa, fose ou puidese ser tratada de maneira menos favorable que outras en situación análoga ou comparable por razón de nacionalidade, nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, expresión de xénero, enfermidade ou condición de saúde, estado serolóxico e/ou predisposición xenética a sufrir patoloxías e trastornos, lingua, situación socioeconómica, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Son exemplos de discriminación directa:

- A denegación de axustes razoables ás persoas con discapacidade. Para ese efecto, enténdese por axustes razoables as modificacións e adaptacións necesarias e adecuadas do ambiente físico, social e actitudinal que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiriran nun caso particular de maneira eficaz e práctica, para facilitar a accesibilidade e a participación e garantir ás persoas con discapacidade o goce ou exercicio, en igualdade de condicións coas demais, de todos os dereitos.
- A denegación inxustificada de medidas necesarias para adaptar o posto a unha persoa que manifesta a súa vontade de iniciar unha transición de xénero, enténdense como medidas necesarias o relativo á uniformidade, accesibilidade a vestiarios e aseos e aos axustes necesarios do posto, co fin de garantir o benestar da persoa que o solicitou.
- Rexeitar unha candidatura a un posto de traballo por ser estranxeira/o, aínda cumprindo todos os requisitos.
- Non promocionar a unha persoa por ter nacido noutra comunidade autónoma ou país.
- Non contratar a unha persoa por ser doutra etnia ou facer comentarios despectivos sobre a súa orixe racial.
- Pagar menos a unha muller que a un home polo mesmo posto e funcións.
- Despedir a unha persoa por usar símbolos relixiosos (como un hiyab, kipá ou cruz) durante a xornada laboral.
- Non renovar o contrato dunha persoa traballadora por expresar opinións políticas diferentes ás da dirección.
- Excluir a unha persoa dun proceso de selección por ter máis de 55 anos, sen valorar a súa experiencia.

- Non contratar a unha persoa por formar parte do colectivo LGTBI.
- Impedir a unha persoa vestir acorde á súa identidade de xénero no lugar de traballo.
- Despedir a unha persoa por padecer unha enfermidade crónica.
- Non contratar a unha persoa tras saber que ten predisposición xenética a desenvolver unha enfermidade.
- Penalizar a unha persoa traballadora por falar galego no seu posto ou obrigala a usar só o castelán.
- Rexeitar a unha persoa para un emprego por vivir nun barrio considerado “marxinal”.
- Non admitir a unha persoa nun proceso de selección por levar tatuaxes visibles, piercings, ou por calquera outro motivo relacionado co seu aspecto.

b) Discriminación indirecta: prodúcese cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros ocasiona ou pode ocasionar a unha ou varias persoas unha desvantaxe particular con respecto a outras por razón das causas previstas na lexislación (nacionalidade, nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, orientación e identidade sexual e/ou expresión de xénero, enfermidade ou condición de saúde, estado serolóxico e/ou predisposición xenética a sufrir patoloxías e trastornos, lingua, situación socioeconómica, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social).

Son exemplos de discriminación indirecta:

- Esixir unha titulación universitaria para postos que non o requiren, cando esta esixencia exclúe indirectamente a persoas de determinados orixes raciais ou étnicos que, estatisticamente, teñen menor acceso a estudos superiores.
- Establecer como requisito para un posto unha altura mínima ou determinadas condicións físicas, cando isto desfavorece ás mulleres ou a persoas de certas nacionalidades ou etnias.
- Implantar unha política de ascensos baseada na total dispoñibilidade para viaxar ou cambiar de residencia.
- Organizar actividades de empresa ou incentivos baseados en deportes ou eventos tradicionalmente masculinos, o que dificulta a participación das mulleres ou de persoas doutras culturas.
- Non adaptar as probas de selección para persoas con discapacidade, establecendo criterios que parecen neutros pero que lles impiden competir en igualdade de condicións.

- Aplicar horarios ríxidos que non permiten a conciliación.
- Ofrecer formación ou promoción só en horarios que non se adaptan a persoas con determinadas crenzas relixiosas ou prácticas culturais.
- Establecer límites de idade aparentemente neutros para acceder á formación ou promoción.
- Non permitir o teletraballo ou traballo a distancia, ou adaptacións para persoas con enfermidades crónicas, cando outros postos si o permiten.
- Solicitar informes médicos sen causa xustificada para acceder a certos postos.
- Bonificar ou valorar máis ás persoas traballadoras que participan en actividades sociais que requiren recursos económicos.
- Aplicar códigos de vestimenta moi restritivos que impiden a expresión de xénero ou dificultan o uso de símbolos relixiosos.
- Non adaptar a comunicación interna a linguas cooficiais.
- Utilizar criterios de selección baseados en referencias persoais ou redes sociais, favorecendo só a persoas con determinados contactos ou situacións sociais.

5.2. DISCRIMINACIÓN POR ASOCIACIÓN E DISCRIMINACIÓN POR ERRO

a) Discriminación por asociación: cando unha persoa ou grupo en que se integra, debido á súa relación con outra sobre a que concorra algunha das causas previstas na lexislación, é obxecto dun trato discriminatorio.

Son exemplos de discriminación por asociación:

- Negarse a contratar ou renovar o contrato a unha persoa porque a súa parella pertence a outra etnia ou orixe racial.
- Tratar de forma despectiva ou dificultar a promoción profesional dunha persoa traballadora porque solicita permisos ou redución de xornada para coidar a un familiar enfermo.
- Despedir ou non renovar a unha persoa porque a súa parella, familiar ou persoa próxima é seropositiva.
- Non contratar a una persoa porque a súa parella ou descendente profesa unha determinada relixión ou ten conviccións políticas diferentes ás da empresa.

- Penalizar ou non ascender a unha persoa porque defende publicamente os dereitos do colectivo LGTBI, sen pertencer ela mesma a ese colectivo.
- Discriminar a unha persoa porque un familiar pertence a un sindicato ou participa en actividades sindicais.
- Impedir o acceso a determinados beneficios laborais ou formación a unha persoa porque a súa familia fala outra lingua ou pertence a un grupo social desfavorecido.
- Tratar de forma menos favorable a unha persoa traballadora porque a súa parella é dunha idade avanzada ou ten unha condición de saúde determinada.
- Despedir a alguén por teren defendido a unha compañeira nunha situación na cal fora discriminada por embarazo.
- Recibir comentarios homófobos e actitudes de rexeitamento despois de acudir cunha amiga lesbiana a un acto da empresa.
- Emitir comentarios negativos ou burlas sobre unha persoa traballadora por ter amizade con compañeiras trans ou pertencentes ao colectivo LGTBI.
- Excluir dunha oportunidade de promoción a unha traballadora tras saberse que ten un familiar con discapacidade, asumindo que “non poderá asumir máis responsabilidade” ou “non estará dispoñible” pola súa vinculación familiar.

b) Discriminación por erro: é aquela que se funda nunha apreciación incorrecta acerca das características da persoa ou persoas discriminadas.

Son exemplos de discriminación por erro:

- Despedir a unha traballadora porque a empresa pensa que está embarazada debido á súa roupa ou cambios físicos.
- Non contratar ou non ascender a unha persoa traballadora porque a dirección cre que forma parte do colectivo LGTBI pola súa forma de vestir ou comportarse.
- Non contratar ou negar unha promoción a unha persoa porque se pensa que pertence a unha determinada etnia ou raza, baseándose en prexuízos sobre os seus trazos físicos.
- Non contratar ou renovar a unha persoa porque a empresa cre que está afiliada a un sindicato.
- Impedir o acceso a un posto de traballo a alguén porque se supón que profesa unha determinada relixión, pola súa vestimenta ou nome.

- Non renovar un contrato porque se pensa que a persoa ten unha enfermidade crónica ou VIH, baseándose en rumores ou aparencias.
- Rebaixar responsabilidades ou cambiar de posto a unha persoa porque se cre que ten unha discapacidade ou unha condición de saúde determinada.
- Excluir dun proceso (promoción, formación, reunión...) a unha compañeira por crer que está en tratamento de fertilidade.
- Tratar cun ton paternalista ou condescendente a unha persoa pensando que ten unha discapacidade cognitiva.

5.3. DISCRIMINACIÓN MÚLTIPLE E INTERSECCIONAL

a) Discriminación múltiple: cando unha persoa é discriminada de maneira simultánea ou consecutiva por dúas ou máis causas das previstas na lexislación.

Son exemplos de discriminación múltiple:

- Non contratar a unha muller inmigrante porque se considera que, por selo, vai ser menos produtiva que outras persoas traballadoras.
- Non seleccionar para un posto a unha persoa maior con discapacidade porque a empresa considera que a súa idade e a súa discapacidade supoñen un risco ou unha menor capacidade de adaptación.
- Discriminar simultaneamente por sexo e raza a unha muller negra que ten menor salario e menos posibilidades de promoción profesional en comparación coas súas compañeiras brancas e cos seus compañeiros homes.
- Excluir dos procesos de selección a unha persoa trans pola súa orixe, sufrindo discriminación tanto pola súa identidade de xénero como pola súa nacionalidade e orixe étnica.
- Discriminar por idade, relixión e discapacidade a unha persoa traballadora nova, relixiosa e con discapacidade, que recibe comentarios despectivos e é relegada a tarefas de menor responsabilidade pola xerencia.
- Discriminar acumuladamente por idade, orientación sexual e condición de saúde a unha muller maior, lesbiana e con enfermidade crónica, que é apartada de proxectos relevantes pola dirección.

b) Discriminación interseccional: cando concorren ou interactúan diversas causas das previstas na lexislación, xerando unha forma específica de discriminación.

En supostos de discriminación múltiple e interseccional:

1. A motivación da diferenza de trato debe darse en relación con cada un dos motivos de discriminación.

2. As medidas de acción positiva deberán atender á concorrencia das diferentes causas de discriminación.

Son exemplos de discriminación interseccional:

- Non renovar o contrato a unha muller con discapacidade pola súa orixe, porque a empresa considera que a combinación destas características supón máis ausencias e menor rendemento.
- Excluir dunha promoción interna a unha persoa traballadora trans, nova e migrante, pola suma de prexuízos sobre identidade de xénero, idade e nacionalidade.
- Asignar tarefas de menor responsabilidade a unha muller maior, lesbiana e con enfermidade crónica, por considerar que a súa idade, orientación sexual e condición de saúde a fan menos válida para postos de liderado.
- Non seleccionar a unha persoa traballadora que usa un pano para cubrir a cabeza, argumentando que a súa condición (relixión, enfermidade...) non encaixan coa imaxe da empresa.
- Penalizar a unha persoa traballadora xitana nova, atribuíndolle estereotipos negativos pola súa orixe étnica, idade e situación socioeconómica.
- Non permitir a unha persoa traballadora migrante e con discapacidade acceder a cursos de formación, alegando dificultades de adaptación e comunicación.
- Acusar a unha traballadora, polo seu acento, de roubo na empresa debido a estereotipos relacionados co seu xénero e orixe étnico.
- Desbotar a unha moza sen parella da posibilidade de que participe nunha promoción de posto.

5.4. INDUCCIÓN, ORDE OU INSTRUCCIÓN DE DISCRIMINAR

É discriminatoria toda indución, orde ou instrución de discriminar por calquera das causas establecidas na lexislación. A indución ha de ser concreta, directa e eficaz para facer xurdir noutra persoa unha actuación discriminatoria.

Son exemplos de indución, orde ou instrución de discriminar:

- Dar instrucións ao equipo de recursos humanos para que non seleccionen persoas candidatas de determinada nacionalidade ou orixe étnica para postos de atención ao público.

- Ordenar aos mandos intermedios que non promocionen a mulleres a postos de responsabilidade.
- Inducir ao seu equipo a facer comentarios vexatorios ou a illar a unha persoa traballadora pola súa orientación sexual ou identidade de xénero.
- Instruír ao persoal para que non concedan permisos ou adaptacións horarias a persoas traballadoras con discapacidade.
- Transmitir unha orde verbal para que non se contrate a persoas maiores de 50 anos, independentemente da súa experiencia ou cualificación.
- Indicar a un equipo que non se admitan solicitudes de emprego de persoas que leven símbolos relixiosos visibles, como hiyab, kipá ou cruz.
- Ordenar non renovar contratos de persoas traballadoras que pertencen a colectivos LGTBI, alegando motivos de “imaxe” para a empresa.
- Instruír á empresa de traballo temporal de que non envíe persoas traballadoras “con pluma” ás entrevistas coa empresa.
- Instruír ao persoal de selección para que non teña en conta persoas candidatas que estean en idade fértil ou que teñan crianzas pequenas.
- Indicar ao persoal da empresa de seguridade que vixie con especial atención a persoas migrantes ou racializadas, sen base obxectiva ningunha.
- Dar a orde de non incluír a unha traballadora trans nun grupo que traballa de cara ao público.
- Indicar expresamente ao persoal de atención ao público para que “evite falar en galego agás que a clientela o solicite”.
- Recomendar a unha persoa que non se relacione no traballo cunha persoa traballadora por ser portadora do VIH.

5.5. ACOSO SEXUAL

Constitúe acoso sexual calquera comportamento, verbal, non verbal ou físico, non consentido de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, hostil, humillante, degradante ou ofensiva. Entenderase creada a devandita contorna con base nun simple feito illado, sen que se requira unha reiteración ou carácter sistemático na conduta cualificada.

O acoso sexual ten diferentes manifestacións:

- Descendente ou ascendente (pode exercerse tanto por parte de quen ten superioridade xerárquica como por parte doutra persoa traballadora).

- Horizontal (a persoa acosadora e a vítima non teñen relación xerárquica).
- Por parte da clientela ou de terceiras persoas relacionadas coa vítima por causa de traballo.

Entre outras, poderían constituír condutas de acoso sexual, as seguintes:

- Requirimento de favores sexuais. Comentarios e insinuacións obscenas.
- Suxestións de tipo sexual acompañadas de promesas explícitas ou implícitas dun trato preferente se se accede ao requirimento ou ben de ameazas en caso de non acceder.
- Contacto físico de carácter sexual, xeralmente acompañado de comentarios ou xestos ofensivos non desexados pola persoa acosada, sen emprego de forza ou intimidación.
- Proposicións sexuais, insultos, ameazas.
- Agresións sexuais, uso da forza para intimidar e obter favores sexuais.
- Invitacións impúdicas ou comprometedoras ou uso de material pornográfico no centro de traballo.
- Bromas sobre o sexo ou abuso da linguaxe con comentarios sobre o corpo, aparencia, opción sexual, estado civil etc.
- Calquera incursión na intimidade ou no espazo físico (tocamentos, beliscos, caricias, palmadas, rozamentos, asubíos...) non desexada.
- Difundir rumores sobre a vida sexual dunha persoa.
- Chamadas telefónicas, envío de correos electrónicos, imaxes, vídeos, cartas ou mensaxes non desexadas, ofensivas, con contido sexual ou que propoñan, inciten ou forcen a manter relacións sexuais.
- Colocar chistes, fotos, calendarios sexualmente explícitos na internet, na oficina ou fondo de pantalla do PC que atenten contra a dignidade da persoa.

5.6. VIOLENCIA E ACOSO POR RAZÓN DE SEXO OU IDENTIDADE DE XÉNERO E/OU ACOSO LGTBIFÓBICO

Segundo o artigo 1.b) do Convenio 190 da OIT, considérase violencia e acoso por razón de xénero a violencia e o acoso que van dirixidos contra as persoas por razón do seu sexo ou xénero, ou que afectan de maneira desproporcionada a persoas dun sexo ou xénero determinado, e inclúe o acoso sexual. O artigo 1.2 do dito convenio establece que a violencia e o acoso poden definirse na lexislación nacional como un concepto único ou como conceptos separados.

Considérase **acoso por razón de sexo ou xénero** calquera comportamento realizado en función do sexo ou xénero dunha persoa, co propósito ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e crear unha contorna intimidatoria, hostil, humillante, degradante ou ofensiva.

Enténdese por **acoso LGTBIfóbico** calquera comportamento, verbal ou físico, que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en función da súa orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero, características sexuais e pertenza a grupo familiar, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

A continuación, exemplifícanse unha serie de condutas que poderían ser constitutivas de acoso por razón de sexo, identidade de xénero e/ou LGTBIfóbico:

- Realizar bromas e comentarios sobre as persoas que asumen tarefas que tradicionalmente foron exercidas por persoas doutros xéneros ou identidades.
- Uso de formas denigrantes ou ofensivas para dirixirse a persoas dun determinado sexo.
- Utilización de humor sexista.
- Ridiculizar e desprezar as capacidades, habilidades e potencial intelectual.
- Ridiculizar, insultar ou desprezar ás persoas por utilizar unha linguaxe inclusiva, por empregar ou solicitar que se lles denomine con pronomes neutros, por peitearse, maquillarse ou vestirse dun xeito diferente ás normas estereotipadas correspondentes co binarismo de xénero.
- Avaliar o traballo das persoas con menosprezo, de maneira inxusta ou de forma nesgada, en función da súa orientación sexual, laboral, identidade sexual, expresión de xénero, características sexuais e diversidade familiar.
- Facer insinuacións, comentar ou difundir imaxes sobre a vida íntima ou sexual dunha persoa para danar a súa imaxe e/ou reputación profesional.
- Facer insinuacións, comentar ou difundir imaxes sobre a orientación sexual dunha persoa traballadora.
- Utilizar humor tráfobico, intérfobo, homófobo, lesbófobo ou bífobo no ámbito laboral que resulte ofensivo para a parte receptora.
- Negarse a nomear a unha persoa trans como ela queira ou utilizar deliberadamente artigos ou pronomes non correspondentes co xénero co que se identifique.

- Expulsar e/ou cuestionar ás persoas con identidades de xénero non normativas por estar nun baño/vestiario determinado.

5.7. ACOSO DISCRIMINATORIO

Constitúe acoso calquera conduta realizada por razón dalgunha das causas de discriminación, co obxectivo ou a consecuencia de atentar contra a dignidade dunha persoa ou grupo en que se integra e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

Integran a definición de acoso discriminatorio todas aquelas decisións que impliquen discriminacións directas ou indirectas desfavorables por razón de idade ou discapacidade ou adversas en materia de retribucións, xornadas, formación, promoción e demais condicións de traballo, por circunstancias de sexo, orixe, incluído o racial ou étnico, estado civil, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, adhesión ou non a sindicatos e aos seus acordos, vínculos de parentesco con outros traballadores ou traballadoras na empresa ou lingua dentro do Estado español, así como as decisións que supoñan un trato desfavorable dos traballadores ou traballadoras como reacción ante a súa participación nun conflito colectivo ou folga, unha reclamación efectuada na empresa ou ante unha acción administrativa ou xudicial destinada a esixir o cumprimento do principio de igualdade de trato e non discriminación.

Entre outras, poderían constituír condutas de acoso discriminatorio, sempre que estean conectadas cunha das características da persoa traballadora recollidas no parágrafo anterior, as seguintes:

- Xulgar o desempeño do posto de traballo de maneira ofensiva.
- Burlarse das discapacidades da persoa traballadora.
- Atacar as crenzas políticas ou relixiosas da persoa traballadora.
- Atacar a nacionalidade, orixe ou etnia da persoa traballadora.
- Ataques por motivos sindicais.
- Ataques pola idade ou estado civil.
- Modificacións substanciais de condicións de traballo sen causa e sen seguir o procedemento legalmente establecido.
- Condutas despóticas dirixidas indiscriminadamente a varios traballadores/as.
- Ofensas puntuais e sucesivas dirixidas por varios suxeitos sen coordinación entre eles cunha orixe nas súas características persoais.

- Amoestacións con descualificación por non realizar ben o seu traballo.

5.8. ACOSO MORAL (mobbing)

Tendo en conta que non se incorporou a actualización dos conceptos recollidos polo Convenio 190 da OIT, e segue a utilizarse como definición de acoso moral a recollida na Nota Técnica de Prevención núm. 854 do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, malia que data do ano 2009, achegamos a continuación o dito concepto para logo matizar os cambios introducidos pola adhesión ao Convenio.

Así, o acoso moral é a situación na que unha persoa ou grupo de persoas exercen unha violencia psicolóxica extrema, de forma sistemática, durante un tempo prolongado, sobre outra persoa no lugar de traballo. É toda conduta, práctica ou comportamento no seo dunha relación de traballo que supoña, directa ou indirectamente, un menoscabo ou atentado contra a dignidade da persoa traballadora, á cal se tenta someter emocional e psicolóxicamente de forma violenta ou hostil, e que persegue anular a súa capacidade, promoción profesional ou a súa permanencia no posto de traballo, e que afecta negativamente á contorna laboral.

Mais a definición de violencia e acoso no mundo do traballo recollida no Convenio da OIT xa non esixe que para a súa apreciación se trate de condutas reiteradas ou persistentes, senón que as define como o conxunto de comportamentos e prácticas inaceptables, ou de ameazas de tales comportamentos e prácticas, xa sexa que se manifesten unha soa vez ou de maneira repetida, que teñan por obxecto, que causen ou sexan susceptibles de causar, un dano físico, psicolóxico, sexual ou económico, e inclúe a violencia e o acoso por razón de xénero.

Entre outras, poderían constituír condutas de acoso moral, as seguintes:

- Deixar ao traballador ou traballadora de forma continuada sen ocupación efectiva ou incomunicado/a sen causa ningunha que o xustifique.
- Ditar ordes de imposible cumprimento cos medios que se lle asignan.
- Ocupación en tarefas inútiles ou que non teñen valor produtivo.
- Accións de represalia fronte a quen formulou algunha queixa, denuncia ou demanda fronte á empresa ou que colaboraron coa persoa que reclamou.
- Insultar ou menosprezar repetidamente a un traballador ou traballadora.
- Reprender reiteradamente ao traballador ou traballadora diante doutras persoas.
- Difundir rumores falsos sobre o seu traballo ou vida privada.

- Asignar tarefas ou traballos por baixo da capacidade profesional ou competencias da persoa.
- Realizar condutas explícitas ou implícitas dirixidas a tomar decisións restritivas ou limitativas sobre o acceso da persoa ao emprego ou á súa continuidade neste, á formación profesional, ás retribucións ou a calquera outra materia relacionada coas condicións de traballo.
- Asignar un traballo de responsabilidade inferior á súa capacidade ou categoría profesional.
- Atribuír tarefas sen sentido, imposibles de lograr ou con prazos irracionais.
- Impedir deliberadamente o seu acceso aos medios adecuados para realizar o seu traballo (información, documentos, equipo etc.)
- Denegarlle arbitrariamente permisos ou licenzas ás que ten dereito.

5.9. ACOSO CIBERNÉTICO NO MUNDO DO TRABALLO

Considérase acoso cibernético no mundo do traballo calquera forma de comportamento agresivo contra unha persoa ou grupo de persoas, a través das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), na contorna de traballo.

Son exemplos de acoso cibernético:

- Crear grupos de mensaxería instantánea paralelos para excluír deliberadamente a unha persoa traballadora das comunicacións do equipo.
- Difundir rumores, comentarios humillantes ou información falsa sobre unha persoa traballadora a través de correos electrónicos, chats internos ou redes sociais corporativas.
- Enviar mensaxes ofensivas, ameazantes ou insultantes mediante correo electrónico, mensaxería instantánea ou plataformas dixitais da empresa.
- Non invitar a unha persoa traballadora a reunións virtuais, videoconferencias ou actividades dixitais do equipo, ou ignorala sistematicamente durante estas.
- Publicar contido ofensivo, burlas ou información comprometida sobre unha persoa traballadora en redes sociais, foros internos ou blogs relacionados coa empresa.
- Suplantar a identidade dunha persoa traballadora en plataformas dixitais para enviar mensaxes dirixidas a danar a súa reputación profesional.
- Excluír a unha persoa traballadora de fíos de correo electrónico importantes ou non compartir con ela información esencial para o seu traballo.

- Asignar tarefas imposibles de cumprir ou prazos inasumibles a través de medios dixitais co obxectivo de dificultar o seu rendemento e xerar presión.
- Compartir capturas de pantalla, fotos ou datos persoais dunha persoa traballadora sen o seu consentimento, co fin de ridiculizala ou menosprezala ante o resto do persoal.
- Facer comentarios vexatorios ou bromas ofensivas sobre unha persoa traballadora en chats grupais, animando a outras persoas a sumarse ao acoso.
- Creación ou difusión de contido (sexan “memes”, vídeos, mensaxes manipuladas, falsas imaxes creadas con intelixencia artificial) que ridiculizan ou atacan a unha persoa ou grupo de persoas traballadoras.
- Difusión non consentida de información persoal ou íntima relacionada cunha persoa traballadora.

6. MEDIDAS PREVENTIVAS

6. MEDIDAS PREVENTIVAS

O establecemento de calquera medida tendente a evitar que se produzan posibles situacións de violencia e acoso laboral debe partir necesariamente do principio de que todas as persoas teñen dereito ao respecto da súa intimidade, á debida consideración da súa dignidade e á non discriminación nas relacións laborais (artigos 4 e 17 do ET).

O Convenio 190 da OIT impón unha serie de obrigacións, entre as que destacan as seguintes:

- Unha política do lugar de traballo de “tolerancia cero” á violencia e ao acoso, que defina con claridade os dereitos e deberes das persoas traballadoras, que estableza programas de prevención, que prevexa especial coidado e privacidade nas comunicacións que teñan que ver con situacións de violencia.
- Establecemento nas organizacións de mecanismos de presentación de denuncias e investigación, medidas de protección evitando represalias, información, capacitación e adopción de medidas adecuadas

Por outra banda, e en cumprimento do previsto nos artigos 14 e 15 da Lei de Prevención de Riscos Laborais que regulan o dereito do persoal a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo, teranse en conta e levaranse as consideracións e actuacións seguintes:

- Constitúe un deber fundamental da empresa, velar pola consecución dun ambiente de traballo adecuado e libre de comportamentos non desexados que puidesen ser constitutivos de acoso laboral, segundo os termos contidos nos puntos anteriores.
- Por iso, e en canto se detecte unha posible situación de contorna conflitiva que puidese desembocar nunha acción de acoso cara a outras traballadoras ou traballadores, adoptaranse as medidas que se consideren necesarias no seu ámbito de responsabilidade para evitar que continúen as condutas susceptibles de desembocar nunha situación de acoso.

A empresa, con relación ao enfoque preventivo do protocolo, desenvolverá as seguintes medidas orientadas a evitar que xurdan casos de acoso psicolóxico, acoso sexual e/ou acoso por razón de sexo, xénero ou identidade. Estas medidas quedan clasificadas ao redor dos seguintes ámbitos de actuación:

- a) A sensibilización, información e formación
- b) Os modelos de xestión na organización

A) A SENSIBILIZACIÓN, INFORMACIÓN E FORMACIÓN

Co fin de que todo o persoal coñeza a posición da empresa de trasladar toda a información á organización, a dirección da empresa comprométese a realizar accións de sensibilización, información e formación:

1.- Sensibilizar ao persoal tanto na definición e formas de manifestación dos diferentes tipos de acoso, como nos procedementos de actuación determinados neste protocolo, en caso de producirse. Así, informarase oficialmente da existencia do protocolo a través do correo electrónico e dunha circular que se colgará no taboleiro de anuncios.

2.- Divulgar os principios enunciados de non tolerar estas condutas. Empregarase, de ser necesarias, as medidas disciplinarias previstas na lexislación laboral de aplicación e o principio de corresponsabilidade na vixilancia dos comportamentos laborais, con especial encomenda a mandos e persoal directivo.

3.- Difundir o presente protocolo, para coñecemento de todo o persoal e a súa representación legal. Así, co obxecto de previr, desalentar e evitar comportamentos de acoso, divulgárase o máis amplamente posible dentro e fóra da empresa o contido deste (incluídas as empresas subcontratadas e empresas de traballo temporal). Facilitaráselles unha copia do presente protocolo ás traballadoras e traballadores de novo ingreso.

